

*Resolución do 19 de decembro de 2007 pola que se publica o tipo de xuro para o primeiro semestre de 2008 para as operacións acollidas a diferentes programas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica.*

Tendo en conta que distintos programas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) establecen que o tipo de xuro das operacións acollidas a eles variará por semestres naturais e que se publicará para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*,

Polo que antecede e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e do euribor, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

**RESOLVO:**

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o primeiro semestre de 2008 para as operacións acollidas aos seguintes programas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) será do 4,630%:

-Programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio de 2002).

-Programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 63, do 31 de marzo de 2003).

-Convenio polo que se establece unha liña de avais do Igape para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, suscrito entre o Igape e as entidades financeiras (DOG nº 222, do 15 de novembro de 2004).

-Programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 84, do 3 de maio de 2005).

-Convenio polo que se establece unha liña de avais do Igape para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de armadores e agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, subs-

crito entre o Igape e as entidades financeiras (DOG nº 195, do 9 de outubro de 2006).

-Convenio entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de financiamento específica para emprendedores (DOG nº 195, do 9 de outubro de 2006).

-Convenio entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de financiamento específica para proxectos de innovación na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 195, do 9 de outubro de 2006).

-Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das Pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, liñas PEME Xove e PEME Competitiva (DOG nº 101, do 28 de maio de 2007).

-Bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro 2007 aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio retalista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (DOG nº 194, do 5 de outubro de 2007).

-Bases reguladoras das axudas para a habilitación de dúas liñas de financiamento subsidiado de producións audiovisuais e investimentos en bens de equipamento para realizar polas Pemes do sector audiovisual galego (DOG nº 216, do 8 de novembro de 2007).

-Programa de préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) (DOG nº 244, do 19 de decembro de 2007).

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2007.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica